

Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo. Entre as súas funcións están intervir nas actuacións que poidan producir impactos ambientais, a conservación e restauración do medio natural, asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental e promover accións que aumenten a calidade do medio. Ao longo do curso 2017-2018, baixo o marco destes obxectivos, as principais actividades desenvolvidas foron:

Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

No campus de Pontevedra, xunto coa súa vicerreitoría, estase a abordar un sistema de seguimento e xestión ambiental (bandeira verde universitaria) dentro do marco do *Programa Green Campus*, coordinado pola entidade *Adeac*. Estase a valorar a extensión deste proxecto ao campus de Vigo e Ourense.

Dende a OMA coordínase e supervísase a recollida de residuos perigosos a través de xestores autorizados. Durante o curso 2017-2018 retiráronse as seguintes cantidades:

	novembro 2017	abril 2018
Total RP (kg)	12.607	11.151

Trabállase tamén na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de tódolos centros da universidade. Para isto colabórase co Gruvi (*Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo*) na selección do material eléctrico potencialmente reutilizable. Neste curso, o ratio en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi dun 12%. A cantidade total tratada a través de xestor autorizado deste tipo de residuos foron uns 11.790 kg. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados no curso 2017-2018 foron:

	Reutilizados / GRUVI	Xestor autorizado
Ordenadores	195	1253
Monitores	85	549
Impresoras + escáneres	35	329
Caixas con material variado	--	84
Outros equipos eléctricos	--	23
TOTAL	315	2238

Tamén se leva o control, segregación e xestión doutro tipo de residuos como os sandach (de laboratorios de experimentación animal), fluorescentes e lámpadas, consumibles de oficina, teléfonos móbiles, etc.

Rexístranse mensualmente os consumos de auga, electricidade e combustibles, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.

Séguese traballando no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da universidade en base ao estudo da *Pegada de Carbono/Ecolóxica*. Estes indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA: <http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

Sensibilización e formación

Durante este curso continuouse cun Programa de Educación Ambiental coas visitas dos itinerarios "Universidade é Natureza" e "Ruta das Árbores" dirixido principalmente a estudantes de centros de ensino obrigatorio e membros da comunidade universitaria. O obxectivo é dar a coñecer a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas singulares polo seu porte, rareza ou idade.

Dentro do ámbito do *Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental* convocáronse sete bolsas de formación para estudantes e contouse coa colaboración de quince voluntarios que desempeñaron labores de apoio na xestión ambiental e mantemento e conservación do medio natural.

Conservación do medio natural

No que respecta ao control e erradicación de especies invasoras, continúaase co seguimento e control de especies de flora invasora (acacia, mimosa, robinia, cortaderia, canaveira, onagra, margarida africana, herba do Himalaia, herba tintureira, cala, glicinia, eixerón, etc.) e capturas de fauna invasora como o cangrexo americano, a tartarugas de Florida e os carpíns nas lagoas e estanques dos campus.

Dende a Unidade de Xardinería faise un traballo constante ao longo do ano na xestión da conservación de zonas verdes así como traballos complementarios relacionados (roza, sega, corta, poda, despedregado, limpeza, aviveirado, rega, triturado e compostaxe de residuos vexetais, etc.), planificado en función da climatoloxía, do estado vexetativo e do calendario universitario, co obxecto de aumentar a calidade ecolóxica, a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes.

Reforzáronse as plantacións de árbores e arbustos e instaláronse dous xardíns interiores no novo Cacti-Cinbio e acondicionouse a plantación da rotonda central do campus de Pontevedra. Instaláronse paneis informativos de carácter ambiental en colaboración con diferentes grupos de investigación da universidade. Colaborouse na preparación e instalacións de rótulos das árbores singulares do campus de Pontevedra e estase coa preparación do proxecto de sinalización de 100 especies singulares de árbores e arbustos do campus de Vigo: listaxe de especies, localización, deseño de rutas, identificación e elaboración de fichas web. En aplicación do cumprimento legal en relación coas medidas forestais anti-incendios propuxéronse e acometéronse medidas correctoras para eliminar riscos, sobre todo no tocante á corta das especies pirófitas que afectan a vivendas, viais e outras infraestruturas. No campus de Ourense desenvolvéronse traballos de mantementos de plantacións recentes, plantacións de arbustos (granados e parrotias) para impedir acceso de vehículos á biblioteca, podas e apeos de arborado que afecta a edificacións (algúns transformados en esculturas), sinalización das especies arbóreas singulares nun mapa online accesible con códigos QR, reparación de soportes en noiros, mantemento de plantas acuáticas e do xardín de cogumelos, visitas guiadas coa aula de maiores e amigos das árbores da SGHN, eliminación de procesionaria en piñeiros e distribución de restos de leña de poda e cortas entre a comunidade interesada.